



## Retallos de mundo: Liverpool, a cidade que viu nacer os Beatles

30 de marzo 2025 [Xesús Constela](#)

[https://www.pontevedraviva.com/gl/cultura/retallos-mundo-liverpool-cidade-viu-nacer-beatles\\_504842\\_102.html](https://www.pontevedraviva.com/gl/cultura/retallos-mundo-liverpool-cidade-viu-nacer-beatles_504842_102.html)

Como xa pensaba que ía resultarme imposíbel visitar Liverpool sen estar todo o tempo a pensar na música dos **Beatles**, entre outras cousas porque calquera dos seus recunchos serve para lembrar que foi a cidade onde naceu a banda, decidín deixarme levar das mans dos seus integrantes para ver de explorar algúns dos lugares que foron cruciais na súa traxectoria ou que serviron de inspiración para algunhas das súas cancións máis emblemáticas.

Situada na ampla baía onde o río Mersey desemboca no Mar de Irlanda, **Liverpool** é unha cidade vibrante que mantén moi viva a conexión co cuarteto que formaron **John Lennon**, **Paul McCartney**, **George Harrison** e **Ringo Starr**, de tal xeito que o seu espírito parece fluír sen parar a través de rúas, pubs, e moitos lugares que foron testemuñas do nacemento do grupo e tamén do seu éxito tan rotundo.

O lugar onde decidín comezar a miña visita foi o famoso **Cavern Club**, o local onde a banda se fixo famosa ao dar arredor de trescentos concertos sobre o seu pequeno escenario, primeiro con cancións de grandes artistas do momento, e logo coa interpretación das súas propias composicións, e por iso acabou convertido un dos espazos máis icónicos de Liverpool e, malia que xa non se trata do club orixinal, que foi derrubado e posteriormente reconstruído, a visita a un lugar que segue a ofrecer concertos diarios para unhas boas cantidades de público fíxome sentir algo un tanto indescritíbel ao me ver envolto por unha atmosfera que parecía enchoupada de resonancias dunha época na que o grupo empezaba a **conquistar un público** completamente entregado á súa música.

O primeiro **Cavern Club**, que tiña un interior de arcos e túneles inspirado nun local do **barrio Latino de París**, fora inaugurado no ano 1957 na céntrica rúa de **Mathew Street**, que segue a ter unha máis que animada vida tanto polo día como pola noite porque está chea de pubs, entre os que se atopa **The Grapes**, no que os catro Beatles compartiron unha boa chea de horas despois dos seus concertos, porque o **Cavern Club** carecía de licenza para vender alcohol. Na actualidade o local mantén un aire un tanto nostálgico dos **anos sesenta** porque está decorado con fotos e obxectos que lembran os comezos do grupo.

Outro curioso lugar moi próximo a esta zona é o **Hard Days Night Hotel**, o único do mundo inspirado nos Beatles, que ten unha fachada adornada con estatuas de pedra dos catro membros da banda e dispón de cuartos temáticos decorados con fotografías da banda, ademais dun restaurante de alta cociña cunha atmosfera que evoca a historia e o espírito de Liverpool como berce do cuarteto.

Dende **Mathew Street** afasteime do centro da cidade para ir visitar a tranquila rúa de **Penny Lane**, coas súas tradicionais casas inglesas de ladrillo, no barrio de **Mossley Hill**, e o lugar onde estaba o antigo orfanato de **Strawberry Field**, en cuxos xardíns xogou moitas veces John Lennon cos seus amigos cando era un neno.

A canción **Penny Lane**, que na súa letra inclúe o verso "*Penny Lane is in my ears and in my eyes*", "*Penny Lane está nos meus ouvidos e nos meus ollos*", foi composta por **Paul McCartney** no ano 1967 e contén unha boa carga de imaxes que serven para describir o barrio no que o músico pasou a súa adolescencia e no que coñeceu a John Lennon, que tamén vivía na zona, preto do orfanato que lle inspirou a canción **Strawberry Fields Forever**, tamén de 1967, que moitas veces se interpreta como unha metáfora da súa vida porque combina lembranzas reais con reflexións sobre o desconcerto e as inquedanzas propias da adolescencia, como as que aparecen nos versos "*Living is easy with eyes closed, misunderstanding all you see*," "*Vivir é doado cos ollos pechados, malinterpretando todo canto ves*."

Sexan cales sexan os significados reais destas dúas cancións, camiñar por estes lugares servíume para me facer pensar en como puideron ir tomando forma as ideas e os sentimentos que **John Lennon** e **Paul McCartney** querían plasmar nas súas composicións.

No meu regreso ao centro acerqueime ao histórico barrio de Saint George, onde se encontra o **Empire Theatre**, o teatro escollido polo grupo para a súa primeira actuación multitudinaria no ano 1963 e tamén para o seu derradeiro concerto na cidade en 1965, uns meses antes de abandonar definitivamente as xiras oficiais para actuar soamente en eventos especiais e en estudos de gravación nos que produciron álbums lendarios como **Sgt. Pepper's Lonely Hearts Club Band** (1967), **The White Album** (1968) e **Abbey Road** (1969).

En fronte do **Empire Theatre**, que continúa en funcionamento dende o ano 1925, visitei o monumental edificio de columnas de **St. George's Hall**, inaugurado en 1854 para acoller unha gran sala de concertos, disque unha das mellores do mundo pola súa acústica, e tamén a primeira sede do **Tribunal Superior de Xustiza** da cidade, que agora se utiliza como gran espazo para eventos culturais de todo tipo, situado a escasos metros dos fermosos edificios da **Walker Art Gallery**, do **World Museum** e da fantástica **Liverpool Central Library**, unha abraiante biblioteca de estilo neoclásico que está aberta ao público dende o ano 1879 e que visitei, amante dos libros como son, para admirar a **Picton Reading Room**, a súa sala de lectura inspirada nas clásicas do século XIX e tamén para admirar os seus impresionantes fondos bibliográficos.

Aproveitei despois unha visita ao espazo chamado **The Beatles Story**, que ofrece unha experiencia envolvente na traxectoria do grupo mediante obxectos orixinais e exposicións interactivas, para percorrer o espectacular entorno no que se encontra, o fermosísimo **Royal Albert Dock**, un conxunto histórico de peiraos e almacéns construído en 1846 e rehabilitado na década dos 1980 para transformalo nun interesantísimo centro cultural e de ocio que, ademais dunha boa chea de restaurantes e pubs, alberga unha sede da **Tate Gallery**, un interesante Museo da Escravitude, que explora o comercio transatlántico de escravos no que a cidade estivo moi implicada, e o **Museo Marítimo de Merseyside**, centrado no profundo impacto do mar na economía, na cultura e na historia de Liverpool.

Precisamente preto do *Albert Dock*, e tamén na fachada marítima da cidade, na zona coñecida como **Pier Head**, tiven a oportunidade de visitar os símbolos da enorme importancia do pasado portuario de Liverpool, tres edificios de estilo eduardiano, equivalente británico do *Art Nouveau* francés, que se coñecen como **The Three Graces, As tres Grazas**.

O máis antigo é o **Port of Liverpool Building**, do ano 1907, que foi a sede da Autoridade Portuaria de Mersey. O **Royal Liver Building**, de 1911, deseñado para acoller as oficinas dunha compañía de seguros, foi unha das primeiras grandes estruturas do mundo construídas con formigón armado, e ten dúas torres coroadas con cadanseus enormes paxaros, os **Liver Birds**, emblemas da cidade, dos que a tradición di que, se algún día voasen, Liverpool deixaría de existir tal como a coñecemos. E o edificio que se ergue entre os dous, cunha gran cúpula central, é o **Cunard Building**, inaugurado en 1916 como sede da compañía navieira *Cunard Line*, pioneira nos servizos regulares de pasaxeiros e correos entre o Reino Unido e América do Norte e propietaria de buques que fixeron historia, como o *Queen Mary* ou o *Lusitania*, que nos seus tempos foron os barcos de pasaxeiros máis grandes que se construíran.

Esta **monumental fachada marítima**, que realmente me fascinou, representa o símbolo perfecto do pasado dunha cidade que acolleu un dos portos máis importantes do mundo durante os séculos XVIII e XIX, e que durante o seu apoxeo, foi un punto clave para o comercio internacional de mercadorías e para o **tráfico transatlántico de pasaxeiros**, sobre todo no referente á emigración masiva de millóns de persoas cara aos Estados Unidos e Canadá.

Para me despedir da cidade de Liverpool do mesmo xeito que comezara a miña visita, da man dos Beatles, sentei un anaco no bordo dun xardín diante das Tres Grazas, en fronte dunha monumental escultura de bronce de **Andy Edwards** que honra os **catro membros do grupo** e foi inaugurada no ano 2015 para conmemorar o quincuaxésimo aniversario do seu derradeiro concerto na cidade, ese que dixeran que tivo lugar no *Empire Theatre* en 1965.

Na base da escultura hai unha **inscrición** que ilustra dun xeito perfecto a relación que a banda tivo, e realmente segue a ter, coa cidade: "**The Beatles were born here. Liverpool's gift to the world,**" "**Os Beatles naceron aquí. O agasallo de Liverpool ao mundo.**"

[Xesús Constela](#), 2025